



INFORMACIÓN CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN 2º ESO

Benvidos/as ao curso escolar 2024 / 2025:

O meu nome é Sandra Romarís Hortas, profesora de Lingua galega e literatura do/a seu/súa fillo/a.

O motivo desta circular é informativo, pretende facelos coñecedores dos criterios de avaliación que se aplicarán durante o curso. Se teñen calquera dúbida, poden solicitar (a través do seu/súa fillo/a) cita para unha titoría comigo os **xoves ás 11:55**. Se se deron de alta no espazo abalar, poden solicitar a cita telematicamente.

En 2º de ESO, a materia de Lingua galega e literatura ten asignadas 4 horas semanais.

O curso está dividido en 3 avaliacións e trataremos de traballar 3 unidades didácticas por avaliación. A orde das mesmas podería variar do proposto no libro de texto.

En cada avaliación faremos dous exames, unha proba de lectura e varias exposicións e / ou debates. As porcentaxes asignadas a cada tarefa son as reflectidas na táboa seguinte:

Probas escritas 70 %	Terán que realizar dúas probas escritas por trimestre
Lectura obrigatoria 10 %	Deberá realizar, cando menos, unha lectura por trimestre que será avaliada a través dunha proba escrita.
Oralidade 10 %	Esta competencia será avaliada a través da participación na aula, en participacións espontáneas, en debates e exposicións orais.
Actividade diaria na aula 10 %	Este apartado pretende avaliar o traballo na clase, así como aqueles traballos realizados na casa e entregados para corrixir.

Para ampliar esta información poderá consultar as programacións no ordenador situado ao lado da conserxaría ou nos ordenadores da biblioteca, así mesmo disponibilizaranse na Aula virtual os criterios de cualificación e recuperación.

Santiago, 30 de setembro de 2024

Asdo: A profesora

Sandra Romarís Hortas